



Concello de Bueu

Expediente	2310/2020
Código SIA	1429768
Procedemento	Contratacións
Asunto	OBRA. SIMPLIFICADO - OBRA. SIMPLIFICADO - REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO. FASE II. Financiada ao 100 % pola Deputación provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan Concellos 2020. LIÑA 1
Unidade Xestora	Departamento de Secretaría
Documento	Acta da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local
Trámite	Apertura de arquivos ou sobres electrónicos únicos: declaración responsable e oferta

ACTA I - 2310/2020

Lugar: Salón de plenos. Casa consistorial.

Data: 14.04.2021

Hora da convocatoria: 12.30 h

Hora de comezo: 12.55 h

Hora de remate: 13.40 h

ASISTENTES

Presidente: Félix Juncal Novas, Alcalde do Concello de Bueu.

Secretaria da Mesa de contratación: Susana Miragaya González, Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.

Vogal suplente do vogal titular 1º: José Francisco Budiño Pereira, Xefe Negociado do departamento do PMH, estatística e rexistro, Secretario accidental do Concello.

Vogal suplente do titular 2º: Araceli C. Pérez Morán, Xefa do Negociado de Intervención, Interventora accidental do concello.

Vogal titular 3º: Jaime Sixto García, Adxunto a Tesourería do Concello.

ORDE DO DÍA

1. Actuacións previas: concorrencia de causa de abstención ou conflito de intereses (*acto non público*).
2. Acto de apertura de oferta relativa a criterios cuantificables automaticamente (*acto non público*).
3. Acto de valoración de oferta relativa a criterios cuantificables automaticamente (*acto non público*).

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: ALK7QLK9ASZME6TYDRSP6JHQM | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Concello de Bueu

non público).

O Presidente declara aberta a sesión ás 12.55 horas do mencionado día ao atoparse reunidos os membros titulares e suplentes da Mesa que figuran no encabezado da presente acta, xunto co Presidente e Secretaria titular do mesmo, nomeados na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 22.05.18 (Certificado núm. 2018-0177) relativo ao acordo de creación da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local (CSV: 76YRYGJADS6F24NPZCFZGFJHE) (BOPPO núm. 104 de data 31.05.18) e do Acordo de Modificación da Composición da Mesa de Contratación Permanente da Xunta de Goberno Local (Certificado núm. 2019-0011) (CSV:4HQ57QJR6J5NWAHWER5LHWYDE) (BOPPO núm. 24 de data 04.02.19) convocados para o presente acto a través de notificación electrónica do servizo de licitación electrónica da Plataforma de contratos do sector público (en adiante, PLACSP).

1.- ACTUACIÓN PREVIAS: CONCORRENCIA DE CAUSA DE ABSTENCIÓN OU CONFLITO DE INTERESES (ACTO NON PÚBLICO).

Neste intre, pola Presidencia advírtese da obriga dos membros da mesa de absterse de participar no procedemento de contratación de referencia nos supostos nos que conorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou teñan directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidera parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia, de conformidade co artigo 64 da Lei 9/2017 do 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público; non atopándose os presentes na sesión incurso en ningunha destas circunstancias.

Os membros da mesa de contratación permanente que asisten á presente sesión formulan declaración expresa da non concorrencia neles dos motivos de abstención previstos no apartado 2º do art. 23 da LRXSP e da non concorrencia dos supostos previstos no art. 64 da LCSP.

2.- ACTO DE APERTURA DO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO ÚNICO QUE CONTEN A DECLARACIÓN RESPONSABLE E A OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES (ACTO PÚBLICO)

A continuación, polo Presidente, de acordo co procedemento establecido na cláusula 18ª do PCAP, da lectura en voz alta das empresas que concorren a licitación electrónica segundo os datos consignados nos servizos electrónicos ofrecidos pola Plataforma de contratos do sector público, no prazo desde 18.03.2021 ata o 06.04.2021 que resulta do anuncio de licitación publicado no perfil do contratante, exclusivamente de forma electrónica a través da Ferramenta de Preparación e Presentación de Ofertas que PLACSP, dos datos extraídos da Plataforma de Contratos do Sector Público:

IDENTIDADE	CIF	DATA E HORA DE PRESENTACIÓN	OBSERVACIÓNS
SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES S.L	B27808641	22-03-2021 23:51	En prazo
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO S. L	B27815182	06-04-2021 10:04	En prazo

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: ALK7QLK9ASZME6TYDRSP6JHQM | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



Concello de Bueu

OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO S.L.	B32021487	06-04-2021 10:31	En prazo
DESMACO SLU	B32197105	06-04-2021 18:26	En prazo
CONSTRUCCIONES VALE S.L	B36024933	06-04-2021 19:19	En prazo
CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L.	B36147429	06-04-2021 18:59	En prazo
NAROM S.L	B36163418	06-04-2021 12:09	En prazo
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	B36239861	05-04-2021 12:55	En prazo
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	B36533537	06-04-2021 10:35	En prazo
ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO S.L	B36805679	06-04-2021 16:40	En prazo
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	B36816189	06-04-2021 19:02	En prazo
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	B70372032	06-04-2021 16:41	En prazo
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	B94097268	06-04-2021 14:50	En prazo
ZONA DE OBRA O ROSAL S.L	B94106663	26-03-2021 14:42	En prazo

Comprobada a presentación en prazo das ofertas por parte dos licitadores identificados no cadro anterior, a Secretaria da mesa da conta da comprobación efectuada polo Servizo de contratación no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público así como no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de que todos os licitadores que concorren ao procedemento se atopan inscritos en algún dos dous Rexistros, dada a obrigatoriedade do mesmo ao rexerse o procedemento polo previsto no artigo 159 da Lei 9/2017 de 8 de Novembro de contratos do Sector Público que dispón no seu apartado 4º a) o seguinte: "a) *Todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar rexistrados no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando proceda de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrência.*"

Logo do anterior, a mesa de contratación por unanimidade dos membros asistentes con dereito a voto acorda declarar admitidas todas as licitadoras que concorren.

Admitidas as licitadoras, a Presidencia ordea á Secretaria da Mesa, a apertura do

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: ALK7QLK9ASZME6TYDRSP6JHQMJ | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



Concello de Bueu

ARQUIVO ELECTRÓNICO ÚNICO que contén a “DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES” mediante a introdución da correspondente clave de descifrado de ditos arquivos.

A continuación procédese ao descifrado e apertura do SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO ÚNICO que contén a “DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES” aos efectos de comprobar pola mesa o cumprimento da documentación requirida segundo a cláusula 18ª dos PCAP.

Neste senso, a Secretaria da lectura en voz alta das ofertas presentadas por cada unha das licitadoras co seguinte resultado:

OBRA. FASE II. REXENERACION DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO. PLAN CONCELLOS 2020			
LICITADOR	OFERTA SEN IVE (€)	MELLORA 1	MELLORA 2
SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES S.L	93.000,00	SI	SI
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO S. L	95.977,70	SI	SI
OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO S.L.	97.857,00	SI	SI
DESMACO SL	93.733,31	NO	NO
CONSTRUCCIONES VALE S.L	99.018,12	SI	SI
CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L.	109.455,05	SI	NO
NAROM S.L	89.067,66	NO	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	106.923,21	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	100.013,17	SI	SI
ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO S.L	107.000,00	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO. S.L.U.	103.186,26	SI	SI
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	99.730,00	SI	SI
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	108.500,00	SI	SI
ZONA DE OBRA O ROSAL S.L	97.846,18	SI	SI

Trala apertura do sobre único que contén as proposicións económicas “SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO ÚNICO “DECLARACION RESPONSABLE Y OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS O PORCENTAJES” a mesa por unanimidade dos seus membros asistentes acorda solicitar informe técnico a efectos de determinar a existencia no seu caso de proposicións que conteñen ofertas anormalmente baixas de acordo co disposto no artigo 85 RGC e no procedemento previsto na cláusula 19ª dos PCAP.

Dáse por finalizado este acto, sendo as 13:40 horas do día indicado no encabezado, do que se levanta acta que asinan todos os presentes, en proba de conformidade co seu contido, do que, como Secretaria da Mesa, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE POLOS MEMBROS DA MESA ASISTENTES Á SESIÓN

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: ALK7QLK9AS2ME6TYDRSP6JHQM | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4